


Fina e os mapas

Descubriendo os
mapas colaborativos.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA
CPC

Fina e os mapas. Descubrindo os mapas colaborativos.

do texto: Pablo Sanxiao
das ilustracións: Iria Iglesias
desta edición: ASOCIACIÓN GHANDALF

Esta obra distribúese baixo licenza
Creative Commons 4.0 Internacional,
coas cláusulas Atribución e Compartir Igual.
(CC BY-SA 4.0 Internacional)
O mapa de portada provén de openstreetmap.org/copyright


Pode obter máis información desta licenza aquí:
<https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Primeira edición: Novembro 2024
Ilustración, deseño e maquetación estudio Gnomo

Financiado con Fondos Públicos: AMTEGA (Xunta de Galicia)



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Finna


e os mapas


Descubriendo os
mapas colaborativos

Texto: Pablo Sanxiao
Ilustracións: Iria Iglesias



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA








Fina ten 12 anos.

Encántalle a tecnoloxía e pasar tempo
coa tablet ou no ordenador.





Mais non os usa para xogar, vaia un chisco si,
pero o que máis lle gusta é investigar
e aprender cousas novas.





Fina vai sempre a todas partes na súa bicicleta.
Un dos lugares que máis lle encanta
visitar é a casa da súa avoa.

— Avoa! Xa estou aquí, fixeches galletas?





A avoa de Fina vive soa,
e ela vai visitala moi a miúdo.
Encántalle escoitar historias de cando
a súa avoa era xove e vivía nas Américas.

A avoa de Fina viviu moitas aventuras.

E ademais fai unhas galletas moi ricas.

— Oh! Avoa que pasou?

— Creo que marchou a luz — responde a avoa con voz tranquilizante.

— Vaia... pois eu quería buscar agora na tablet ese sitio sobre o que me falaches na túa historia, pero quedou sen batería.

— Non te preocupes que para iso creo que teño unha solución.



— Que é iso, avoa? — pregunta Fina curiosa.


— Son libros que trouxen das Américas.
Trouxen tantos que non sei onde poñelos.
Aquí creo que hai un que che axudará.





— Que libro é ese, avoa? — pregunta Fina con ollos brillantes.

— É un Atlas! Cando eu era nova, os mapas só estaban en libros coma este. Non había trebellos modernos como a túa tablet.





— Pero avoa, neste libro hai mapas moi antigos, e nesas épocas non tiñan a tecnoloxía de agora. Como é que facían os mapas?


— Pois debuxábanos os cartógrafos.

— Como que os debuxaban? — pregunta Fina asombrada.

A avoa ri e comeza a explicarlle.



Os cartógrafos recollían información de moitos sitios para entender como era o mundo. Falaban con exploradores, comerciantes e mariñeiros que lles contaban as súas aventuras, as rutas que facían e o tempo que lles levaba chegar a cada sitio.



Despois collían toda esa información e trataban de facer mapas do mundo, debuxándoos a man. Nesas épocas os mapas tiñan moitos erros, pero tamén tiñan información moi precisa, xa que viña directamente de xente que estivera neses lugares.

— Pero avoa, entón, antes para facer un mapa facía falta moita xente — di Fina pensativa.

— Claro Fina, cada persoa achegaba un anaco pequeno pero moi valioso de información, e toda xunta permitía crear mapas completos do mundo






— Adeus, avoa! Teño moito que investigar sobre os mapas.

— Estou segura que o farás — responde a avoa cun sorriso. — E vai a modo, avísame cando chegues a casa.

— Si avoa!



Ao chegar a casa Fina vai correndo ao seu cuarto
para investigar sobre os mapas.
Un proxecto chama a súa atención.
Chámase OpenStreetMap e defínese como
"un mapa do mundo, creado por xente coma ti e de uso libre".



O seguinte día que vai ver a súa avoa, Fina está moi ilusionada. Quere chegar canto antes para contarlle o seu descubrimento.

— Mira avoa! Investigando atopei este proxecto. A través de Internet calquera persoa pode contribuír a crear un mapa do mundo, debuxando os lugares que coñece. É o mesmo que me contaches dos cartógrafos!



— Pero agora coa tecnoloxía,
todo é máis sinxelo avoa, mira.
Creei a miña conta de usuario e xa
podo engadir información
no mapa, ves?
Na casa debuxei o edificio
do cole, que non estaba,
e púxenlle o nome.
Agora xa aparece no mapa!






— Entón, xa es unha cartógrafa dixital! — Di a avoa orgullosa.

— Pois coido que si, avoa, pero... ti tamén o podes ser. Non botas de menos nada no mapa?

— Pois agora que o dis... Non vexo o centro onde fago pilates coas miñas amigas.

— Oh, pois imos engadilo agora mesmo, avoa!



As dúas pasan o resto da tarde engadindo cousas no mapa.
Mesmo corrixen algún pequeno erro que atopan.

Fina axudou a súa avoa a crear unha conta para ela, así agora
tamén poderá seguir engadindo lugares no seu ordenador.



Cando xa non se lles ocorría que máis engadir, deciden saír a dar un paseo e explorar xuntas. Fina levaba a súa tablet e ía vendo o mapa de OpenStreetMap nela.

Cando atopaban algún camiño ou algún lugar importante que non estaba, paraban a engadilo.



O último que engadiron foi
a tenda de chuches,
e de paso Fina
que é un pouco lambona,
levou algunha para ir comendo.

— E que pasa cos datos que estamos a engadir?

— Oh, pois verás avoa. Os datos son libres, calquera
os pode empregar para o que necesite, sen pagar
nin pedir permiso, só dicir de onde veñen.



Collendo as últimas chuches da bolsa, Fina pregunta:

— Podemos vir máis veces de paseo, avoa?
Deime conta que aínda queda moito
por engadir ao mapa.


A avoa dálle un abrazo agaraimo e responde:

— Claro, sempre que ti queiras,
agora somos cartógrafas!

Se che gustou a nosa historia e ti tamén te queres converter nunha cartógrafa ou cartógrafo, podes entrar na páxina web do proxecto OpenStreetMap (<https://openstreetmap.org>) e empezar a engadir cousas ao mapa.



Así, entre todas as persoas xuntas poderemos ter un mapa do mundo actual e moi preciso, grazas ao noso coñecemento local e a colaboración.



A asociación GHANDALF


somos una entidade sen ánimo de lucro. Traballamos na divulgación da cultura libre: Software Libre, Hardware Libre e Datos Abertos. Para acadar este obxectivo artellamos actividades de todo tipo, organizando e colaborando en eventos, obradoiros, faladorios... en calquera sitio onde se difunda a cultura libre podes atopar unha ghandalfeira.

Como asociación galega queremos facer fincapé na difusión da cultura libre na nosa lingua, así como conseguir que haxa máis documentación técnica en Galego, por iso facemos proxectos de edición e tradución de documentación relacionada co Software Libre en Galego. Podes botar un ollo ás nosas publicacións.

Tamén pensamos que é moi importante difundir os valores do Software Libre e a cultura libre entre a rapazada, por iso tratamos de organizar charlas e obradoiros en centros de ensino galegos.

Se quixeres colaborar na mellora da sociedade desde o punto de vista da tecnoloxía, dende Asociación GHANDALF estaremos encantados en prestarche toda a axuda que poidamos.

www.ghandalf.org



www.openstreetmap.org